

XENTES DE RIANXO E ARREDORES!

Xa están a atracar, xa se ven desde o peirao! Achéguese, que aí os veñen, os monicreques e as xentes que son quen de darlles vida con artes máxicas e misteriosas. Saiban que só comparten o segredo con quen está disposto a aprender e botarse aos camiños e facer dos títeres a súa vida. Un ano máis, e van dez, Rianxo convértese na capital monifateira da Iberia. Chegan dos distintos mares que arrodean esta península, desta volta cun papel senlleiro para as titiriteiras da Euskal Herria. Tamén nos visitan artistas do País Valencià, de Aragón e de Portugal. Chegan nos seus galeóns cargados de historias para contar ás crianzas e maiores que os queiran escoitar. Con elas xuntaránselles as titiriteiras galegas, chegadas nos seus carromatos desde Lalín, Santiago ou Pol, e nas súas chalanas desde Corcubión e Redondela. Veñan escoitar o que nos teñen que contar, ben sexa nun día de praia como á sombra dun plataneiro no Campo de Arriba, en Isorna, Asados, O Araño, Leiro ou Taragoña.

Recíbanos de brazos abertos e aproveiten para lembrar que, non hai tanto, as feiras eran o espazo no que se forxaban os amores, as amizades e os tratos, onde nacían os contos e os romances para cantar todo o ano. Onde a farsa era a máis certa das verdades, e a tradición era a rabiosa actualidade. Revívanos un ano máis e aproveiten para compartir as súas memorias coa xente moza. Que se faga a maxia por moitas décadas máis no Titiriberia!

MARTES 12

Basoa

Teatro Firulete (Navarra)

Preocupada porque a súa avoa sae, Uxue métese no bosque para pedir axuda. Encontros con seres da mitoloxía vasca iranlle achegando diferentes leccións, ata que atopa a Mari, a raíña da Natureza, que lle amosa que as respostas que busca son máis sinxelas do que pensaba. Unha fábula sobre a idea da morte que achega unha resposta alternativa, e quere facernos ollar o mundo por primeira vez a combinar títeres e obxectos, traballos de actuación e música en directo.

🕒 11:00

📍 Campo Maneiro-Taragoña

👤 +5 anos



MARTES 12

A festa dos títeres

Vai de Roda, Viravolta, Alakrán (Galiza)
Producción Propia do Festival

Unha nova edición do desfile que serve de presentación ao festival polas rúas de Rianxo. A música do grupo Vai de Roda, o Xigante Barriga Verde de Alakrán e os cabezudos de Viravolta nun espectáculo itinerante que, ademais de animar a vila, representa historias populares a través desta tradicional forma escénica.

ESTREA

🕒 12:00

📍 Auditorio de Rianxo (Itinerante)

👤 Todos os públicos



MARTES 12

O Xigante Barriga Verde

Títeres Alakrán (Galiza)

Unha nova produción deste xigante ambulante que representa o personaxe por excelencia do títere tradicional galego. A figura participará no pasarrúas, representando a súa chegada a Feira Vella pezas de monicreques que axudarán a achegar este personaxe e esta arte a novos públicos dun xeito orixinal.

🕒 12:00

📍 Auditorio-Campo de arriba (Itinerante)

👤 Todos os públicos



MARTES 12

Xogos e Kinetiko na Feira Vella

Viravolta, Trécola (Galiza)

Seguindo a liña de recuperación de negocios de rúa e antigas feiras, Titiriberia propón a recreación dunha feira tradicional na vila de Rianxo. Reunirá unha colección de xogos populares e atraccións tradicionais de feira que se instalarán na Praza do Campo de arriba e estarán a disposición do público. Animacións de primeiro nivel como a ra e o pimpampun, os autómatas KINETIKO e máis xogos estarán a disposición do público de xeito gratuíto e con animación a cargo de voluntariado e persoal da asociación.

🕒 12:00 a 14:00

📍 Campo de arriba

👤 Todos os públicos



MARTES 12

Acto inaugural con visita guiada á exposición

Os Monicreques de Kukas (Galiza)

Os membros de Monicreques de Kukas, Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rey, realizarán un repaso das pezas presentes na exposición dedicada á súa carreira. Para alén do contexto de cada produción, neste percorrido darán a coñecer as dificultades técnicas, a intención expresiva e as anécdotas vencelladas a cada un dos elementos presentes. Achegan ao festival unha selección de deseños, carteis, escenografías e títeres, pezas que amosan parte do percorrido ao longo de máis de 45 anos destes pioneiros dos títeres galegos modernos, con bonecos de diferentes técnicas e estéticas que amosan a mestría dunha compañía que recibiu o Premio da Cultura Galega entre outros importantes recoñecementos.

🕒 19:30

📍 Auditorio de Rianxo

👤 Todos os públicos



MARTES 12

Esperta o Rinoceronte

Nao Caracola (Galiza)

Bambú leva unha vida apracible, goza da súa contorna, coñécea e por iso ámaa. Isto ensinoullo a súa avoa, ela coñece ben o mundo, o seu mundo, convive con el, forma parte del e por iso, cóidao e ámao. Ensina a Bambú que as cousas que realmente importan non sempre son as que brillan, que só vemos ben co corazón e que non importa o grande que sexa o obstáculo, sempre hai unha solución. A esa voz do corazón, a avoa dille o *Rinoceronte* e afirma que nela atópase o poder para cambiar o mundo e por iso hai que mantelo esperto. Esta historia conta o que sucede cando aqueles cuxo *rinoceronte* está durmido aparecen de súpeto. Haberá alguén que lles faga fronte?

© 21:00

📍 Auditorio de Rianxo

👤 +8 anos

5€



MÉRCORES 13

Menudencias

Tenderete (Euskadi)

Menudencias converteuse nun clásico do teatro de títeres. A obra recupera o ambiente das antigas pousadas da estrada onde peregrinos, aventureiros e bandidos acababan cruzando os seus destinos. Neste escenario Txikilicuatro, un bandido que escapou da cadea no coche do vendedor ambulante que tira dentes, optará por organizar outra banda con Puño, o aprendiz, e rescatar o botín do seu último roubo que aínda agarda na Cova de Salsepodes, custodiada pola Rocha Tola.

🕒 11:00

📍 Parque da Martela

👤 Todos os públicos



MÉRCORES 13

A vella do gaiteiro

Títeres Alakrán (Galiza)

Esta montaxe, especialmente pensada para pasarrúas, utiliza unha figura tallada para crear a ilusión dunha dona que leva un gaiteiro nun cesto. A música que interpreta vai acompañada de diálogos cómicos e dramatizacións coa figura, xerando asombro e risa entre o público.

🕒 12:30

📍 Paseo da Ribeira-Praza Castelao (itinerante)

👤 Todos os públicos



MÉRCORES 13

Basoa

Teatro Firulete (Navarra)

Preocupada porque a súa avoa sae, Uxue métese no bosque para pedir axuda. Encontros con seres da mitoloxía vasca iranlle achegando diferentes leccións, ata que atopa a Mari, a raíña da Natureza, que lle amosa que as respostas que busca son máis sinxelas do que pensaba. Unha fábula sobre a idea da morte que achega unha resposta alternativa, e quere facernos ollar o mundo por primeira vez a combinar títeres e obxectos, traballos de actuación e música en directo.

🕒 13:00

📍 Praia Tanxil

👤 +5 anos



MÉRCORES 13

0 Castelo dos fantasmas

Red Cloud Marionetas (Portugal)

A partir do conto popular «Xan sen medo», Roberto explora un espazo físico, xeográfico e mental, nun castelo encantado enfrontándose a diferentes pantasmas e monstros na procura da princesa Rita. A combinar rutinas tradicionais con novas posibilidades e tramas dramáticas, a montaxe busca recuperar e redimensionar o repertorio tradicional do Teatro Dom Roberto con comedia ou mesmo un pequeno cabaret.

🕒 20:00

📍 Campo de arriba

👤 +3 anos



MÉRCORES 13

Menudencias


Tenderete (Euskadi)

Menudencias converteuse nun clásico do teatro de títeres. A obra recupera o ambiente das antigas pousadas da estrada onde peregrinos, aventureiros e bandidos acababan cruzando os seus destinos. Neste escenario Txikilicuatro, un bandido que escapou da cadea no coche do vendedor ambulante que tira dentes, optará por organizar outra banda con Puño, o aprendiz, e rescatar o botín do seu último roubo que aínda agarda na Cova de Salsepodes, custodiada pola Rocha Tola.

🕒 22:30

📍 Campo de arriba

👤 Todos os públicos



XOVES 14

Pituquito Literal

Trécola Producións (Galiza)

Unha peza de títere tradicional de cachiporra protagonizada por Pituquito, un rapaciño novo que goza do parque, dos amigos, da «pituquita»... mentras loita desde a súa inocencia contra unha chea de inxustizas que vai atopando no camiño. Trécola estrea esta nova obra e continúa a dar voz a través de Pituquito á rebeldía propia da adolescencia, tan necesaria nestes días e sempre.

ESTREA

🕒 11:00

📍 Parque de Santa Lucía / Asados

👤 Todos os públicos



XOVES 14

Dona Barriga Verde

Larraitx Prod. Artísticas (Galiza)

A compañía subverte o títere de cachaporra propoñendo, de xeito pioneiro, unha versión feminina da protagonista. Os conflitos de xénero cobran relevancia nunha montaxe que mantén a esencia dos números clásicos.

Dona Barriga Verde é unha pícara, cantarina e pandereteira que armada de inxenio desafia as dificultades cotiás encarando as situación sen filtros, vence o medo e as inxustizas defendendo a súa integridade e o seu amor propio fronte aos monstros, ao amor, á morte e ate ao mismísimo demo. Espectáculo coproducido por Titiriberia no 2018.

🕒 13:00

📍 Praia Tanxil

👤 +5 anos



XOVES 14


Palestra: O Cego dos Monifates

Anxo García e Comba Campoi (Galiza)

Anxo García e Comba Campoi falaránnos sobre o tradicional xeito de contar historias con monifates que tiñan os cegos que percorrían noutros tempos as feiras en aldeas e vilas. Amosarán as imaxes ou documentos que conseguiron atopar sobre a parte teatral desta modalidade de representación con marionetas, constatando que as investigacións feitas ata o momento céntranse máis nos aspectos musicais, organolóxicos e literarios que na orixinalidade da posta en escena que representa están tradición.

🕒 17:30

📍 Auditorio de Rianxo



XOVES 14

Trogloditas

Tanxarina (Galiza)

Tres trogloditas invítannos a entrar no primeiro teatro da prehistoria: a cova, onde imos asistir a un cómico espectáculo cheo de humor e tolería. Unha insólita función onde da man dos títeres e das súas habilidades máis primitivas, imos coñecer a forma de vida dos nosos antepasados máis divertidos. Unha sorprendente ambientación. Unha orixinal linguaxe e unha prehistórica escenografía que farán que o espectador perda durante a representación o sentido do tempo e do aburrimiento.

🕒 19:00 e 21:00

📍 Campo de arriba

👤 +5 anos



XOVES 14

Lambe Lambe na Feira Vella

Os Monicreques de Kukas, Diáspora,
Laboratorio Fantoche (Galiza)

Tres compañías galegas achégannos ao teatro máis pequeno do mundo, as caixiñas Lambe Lambe, que acollen unicamente un ou dous espectadores de cada vez para ver micro espectáculos. Os Monicreques de Kukas combinan a maxia dos títeres con mensaxes a prol da paz e do medio ambiente en *SOS Emerxencia ambiental* e *Gernika*. Laboratorio Fantoche amósanos en *A bailarina* a beleza na arte e na natureza, e como as historias nos transforman cando miramos a través dela. *Memoria Material* de Diáspora Teatro invita ao público a partir de 9 anos a explorar a relación íntima entre os obxectos e as lembranzas que atesouran.

🕒 19:00 a 21:00

📍 Campo de arriba

👤 +5 anos



XOVES 14

As Varietés do Barriga Verde

Produción propia do Festival

O espectáculo de variedades tradicional que cada ano produce o festival pretende reproducir, desde unha perspectiva actual, os números que a familia Silvent realizaba na súa barraca de xeito previo á representación da obra de Barriga Verde. Para a montaxe cóntase con profesionais con ampla experiencia, así como con novas compañías no ámbito dos monicreques. Nesta ocasión, Raquel López Cendán fará de fío condutor ás compañías Red Cloud Marionetas, Santi Prego, Trécola Producións, entre outras acompañadas pola música do cuarteto da Escola de Música de Rianxo.

🕒 22:00

📍 Campo de arriba

👤 Público adulto

ESTREA



VENRES 15

Alfombra máxica

Babaluva (Galiza)

Un espectáculo para bebés especialmente recomendado para o seu desenvolvemento sensorio-motriz autónomo.

Un espectáculo-instalación elaborado para favorecer o xogo que nos incita a deixarnos levar polos sentidos. A obra propón un espazo para ir á descuberta da contorna onde podemos tocar texturas diversas, crear sons, percibir diferentes cheiros, explorar espazos que evocan un bosque con árbores que aparecen e desaparecen.

A actriz inicia unha viaxe á que despois convida a nenas e nenos a participar e os acompañantes a observar sen interferir.

🕒 11:30

📍 Auditorio Rianxo

👤 Bebés con inscrición previa: cultura@concelloderianxo.gal



VENRES 15

Costureiriña bonita

A Cova das Letras (Galiza)

Coprodución co Festival

Unha peza inspirada nas costureiras e modistas dos anos sesenta amosa como este oficio foi evolucionando ao longo do tempo. A partir de testemuñas reais que se dedicaron ao oficio e de coplas e cantos pertencentes á tradición oral, a proposta convida a viaxar no tempo, a épocas e lugares máxicos a través da confección do vestiario. A manipulación de obxectos (máquina de coser, agullas xigantes, teas...) e algún títere e luva acompañan esta historia e a nosa protagonista, Lela.

🕒 13:00

📍 Praia Tanxil

👤 Público familiar

ESTREA



VENRES 15

Xogos e Kinetiko na Feira Vella

Viravolta, Trécola (Galiza)

Seguindo a liña de recuperación de negocios de rúa e antigas feiras, Titiriberia propón a recreación dunha feira tradicional na vila de Rianxo. Reunirá unha colección de xogos populares e atraccións tradicionais de feira que se instalarán na Praza do Campo de Arriba e estarán a disposición do público. Animacións de primeiro nivel como a ra e o pimpampun, os autómatas Kinetiko e máis xogos estarán a disposición do público de xeito gratuíto e con animación a cargo de voluntariado e persoal da asociación.

🕒 18:00 a 20:00

📍 Campo de arriba

👤 Todos os públicos



VENRES 15

Costureiriña bonita

A Cova das Letras (Galiza)

Unha peza inspirada nas costureiras e modistas dos anos sesenta amosa como este oficio foi evolucionando ao longo do tempo. A partir testemuñas reais que se dedicaron ao oficio e de coplas e cantos pertencentes á tradición oral, a proposta convida a viaxar no tempo, a épocas e lugares máxicos a través da confección do vestiario.

A manipulación de obxectos (máquina de coser, agullas xigantes, teas...) e algún títere de luva acompañan esta historia e a nosa protagonista, Lela.

🕒 19:30

📍 Campo da Bacariza-Isorna

👤 Público familiar



VENRES 15

Bonecos

Red Cloud Marionetas (Portugal)

O espectáculo Bonecos propón unha creación que absorbe diversas influencias culturais de historias de orixe africana con títeres portugueses, europeos e africanos. Hai moitos anos, cando os animais vivían xuntos na mesma aldea, moitos se disfrazaban de humanos para escapar dos cazadores, e había humanos que se transformaban en animais para esconderse doutros depredadores, como o lobo, e así atacar mellor as presas. Hai que ter moito coidado, aínda hoxe, para saber se o raposo que temos diante é realmente un raposo ou se, pola contra, é unha persoa disfrazada de raposo. Ou mesmo un raposo disfrazado de persoa! Un espectáculo multiformato que explora o documental a combinar tecnoloxías «novas» e «vellas».

🕒 21:00

📍 Auditorio de Rianxo

👤 +6 anos

5€



VENRES 15

Brujas y Brujerías

Toti Martínez de Lecea, Gorka Hermosa,
Eduarne Zabalo (Euskadi)

Conservei a herdanza dos antepasados mentres os meus homes desaparecían en busca da balea, embarcados na aventura, ou inmersos en guerras alleas. Eu mantiven a facenda familiar; ocupeime da casa, dos fillos e fillas, dos anciáns, dos enfermos, das hortas e dos animais. Fun arrinconada e afastada das fontes do saber e, no entantato, transmitín a lingua, a palabra, a aprendizaxe non escrita, as crenzas, a tradición. Millóns de veces contemplei a saída do sol por encima das montañas e vino ocultarse no mar. Continúo aquí, do mesmo xeito que o carballo cuxas raíces se afunden no máis profundo. Son o comenzo e serei o final. Rin e chorei, pero ante todo, amei, e amo, este recuncho do mundo xunto ao mar onde vivo, e morro.

🕒 22:30

📍 Campo de arriba

👤 Todos os públicos



SÁBADO 16

Teatro de mochila

Seisdedos (Galiza)

Coprodución co Festival


O Profesor Endalecio, titiriteiro ambulante percorre o mundo cargando cun teatriño ao lombo, con el vai contando a «Verdadeira e fantástica historia do Medio Pito e do rei Pomporrompón que nin da nin quita nin pon». Nesta historia coñeceremos como lles medrou a crista aos galos. O Profesor Endalecio vén sempre acompañado no seu camiñar do inimitable Arquímedes, o seu canciño sabio.

ESTREA

🕒 12:00

📍 Campo de arriba

👤 Público familiar



SÁBADO 16

El país de Babia

El Ball de Sant Vito (Valencia)

Canso de sentirse parvo, o monicreque Mingo decide marchar da casa e emprender unha longa viaxe. Irá a unha terra estraña onde as cousas non teñen sentido. Alí terá que resolver os sarillos cos que se vai atopar, e entenderá que empregando a súa astucia pode vivir moitas aventuras e facer bos amigos. Adaptación de varios contos populares valencianos, representados con títeres de luva tradicionais. Un coche que se transforma en teatro serve de base para esta produción que conta con bonecos de madeira tallada e música en directo.

🕒 13:00

📍 Praia Tanxil

👤 Público familiar



SÁBADO 16

Lambe Lambe na Feira Vella

Os Monicreques de Kukas, Diáspora,
Laboratorio Fantoche (Galiza)

Tres compañías galegas achégannos ao teatro máis pequeno do mundo, as caixiñas Lambe Lambe, que acollen unicamente un ou dous espectadores de cada vez para ver micro espectáculos. Os Monicreques de Kukas combinan a maxia dos títeres con mensaxes a prol da paz e do medio ambiente en *SOS Emerxencia ambiental* e *Gernika*. Laboratorio Fantoche amósanos en *A bailarina* a beleza na arte e na natureza, e como as historias nos transforman cando miramos a través dela. *Memoria Material* de Diáspora Teatro invita ao público a partir de 9 anos a explorar a relación íntima entre os obxectos e as lembranzas que atesouran.

🕒 19:00 a 21:00

📍 Campo de arriba

👤 +5 anos



SÁBADO 16

Cantar do ano

Seisdedos (Galiza)

Coprodución co Festival

Seisdedos Marionetas estrea un microespectáculo para a recreación da feira vella de Rianxo. Coa colaboración da Asociación, crea un cantar de cego ao xeito antigo co que narrará unha escolma de destacada actualidade rianxeira desde a pasada edición do festival. A invasión turística de cada verán, a crise da produción de marisco e outros feitos destacados atópanse nesta retranqueira proposta, que quere converterse nunha tradición local.

ESTREA

🕒 20:00

📍 Campo de arriba

👤 Todos os públicos



SÁBADO 16

Gori Gori

El Ball de Sant Vito (Valencia)

Mingo quiere moito o seu avó, gústalle ir á súa casa e estar con el. Pero un día vai visitalo e o avó xa non está. Comeza así unha fantástica viaxe polas emocións, onde Mingo voará polo ceo, escavará nas profundidades da terra e enfrontarase a terribles personaxes para comprender o significado da morte... e o da vida.

Segundo espectáculo de títeres de luva da compañía, no que se revive o famoso títere valenciano Mingo coa linguaxe do monicreque tradicional, representado nun teatro revolucionario dentro da práctica do monicreque de luva, e acompañado de música en directo e efectos electroacústicos.

🕒 21:00

📍 Centro Sociocultural A Capela-Araño

👤 +4 anos



DOMINGO 17

El ladrón de sandías

Teatro Arbolé (Aragón)

Teatro Arbolé crea un teatro que anda, un teatro itinerante que quere recuperar unha profesión. Pelegrín é o protagonista deste teatro ambulante. Un personaxe que medrou coa complicidade de varias xeracións de crianzas e que conta con máis de 10 historias diferentes. É un títere aventureiro. Parente de Don Cristobal de Lorca, curmán afastado do italiano Pulcinella, dos ingleses Punch & Judy e mesmo do propio Monsieur Guignol de París, o noso Pelegrín dos Monegros é, sobre todo, un antiheroe. Ármase cunha vasoira como lanza, un sinal de tráfico como escudo e un funil como casco e, coma aquel Don Quixote, con astucia e golpes adoita saír dos seus problemas.

🕒 13:00

📍 Praia Tanxil

👤 Todos os públicos



Vida, crimes e prisión de Toribio de Mañón

Viravolta Títeres (Galiza)

Recreación con formas do teatro popular, onde se contan as andanzas que lle deron sona a Mamede Casanova «Toribio de Mañón», famoso bandoleiro galego de principios do século XX, e que levaron os seus ósos o cárcere.

Nestas andanzas inspirouse Ramón María del Valle-Inclán para escribir a súa obra «Las galas del difunto».

🕒 20:00

📍 Centro Cultural Vicente Vidal-Leiro

👤 Todos os públicos



EXPOSICIÓN

Exposición Os Monicreques de Kukas (Galiza)

Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rey, realizarán un repaso das pezas presentes na exposición dedicada á súa carreira. Para alén do contexto de cada produción, neste percorrido darán a coñecer as dificultades técnicas, a intención expresiva e as anécdotas vencelladas a cada un dos elementos presentes.

🕒 **12 agosto a 10 setembro**
VISITAS GUIADAS: 12 agosto 19:30 /
13 agosto 18:00 / 14 agosto 11:00

📍 **Auditorio de Rianxo**

👤 **Todos os públicos**

Inscripcións Previas: cultura@concelloderianxo.gal

Exposición Títeres nos Escaparates

25 anos de Títeres Alakrán (Galiza)

Concurso A procura de Lupe

Actividade desenvolvida co apoio da Asociación
Rianxeira de Empresarios

Marionetas de variña, luva, fio ou mesa, arman un compendio de toda a carreira desta compañía. Auténticas esculturas de Borja Ínsua feitas en madeira ou cartón pedra, que se puideron ver en montaxes como Os sonhos na gaiola, O ferreiro e o diaño, Marionetas de fio ou mesmo en propostas doutras compañías que dan conta da versatilidade e da arte deste artesán e titiriteiro galego.

SE CHOVE...
Consultar no web titiriberia.com locais alternativos



🕒 **22 xullo ao 18 de Agosto**

Onde foi Barriga Verde?

Exposicións da Asociación Morreu o Demo
(Galiza)

Unha reflexión xeral sobre o personaxe e o seu esquecemento. A historia dos Silvent, a importancia das feiras, o patrimonio inmaterial ou a tradición dos títeres europeos.

🕒 12 ao 17 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

A arte dos Silvent

Exposicións da Asociación Morreu o Demo
(Galiza)

Quen foi a familia que levou a Barriga Verde polas feiras de Galiza? De onde viñan, e como gañaban a vida?

Nesta exposición déitase algo de luz sobre as persoas que estiveron detrás do derradeiro expoñente do teatro popular de títeres no noso país, tentando así render homenaxe ao oficio das persoas titiriteiras e artistas ambulantes

🕒 12 ao 17 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

A gran familia do títere europeo

Exposicións da Asociación Morreu o Demo
(Galiza)

Exposición en paneis sobre a xenealoxía de Barriga Verde e os títeres europeos. Pulchinella, Punch, Guignol, Kasper; todos os representantes internacionais desta familia preséntanse nunha serie de paneis contextualizándoos e explicando a súa evolución e diferenzas.

🕒 12 ao 17 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

Exposición fotográfica Dar vida coa imaxe

Manuel Silva (Galiza)

O festival pon en valor o traballo de Manuel Silva *Bisgue*, fotógrafo local que colabora co evento desde 2022 a rexistrar as diferentes actividades de cada ano. Agora, compílase unha selección deste traballo a amosar o xeito no que a fotografía consegue outorgarlles vida e dramatismo a figuras estáticas como son os títeres.

🕒 12 ao 17 de agosto

📍 Campo de arriba

ESCOLA DE TÍTERES BARRIGA VERDE

Curso Dramaturxia da farsa

Santi Prego (Galiza)

Santi Prego, actor e titiriteiro. Profesor de historia das artes do espectáculo na ESADG.

Achegamento á farsa como xénero teatral carnavalesco, cómico e subversivo. Traballaremos con personaxes tipo, o corpo como ferramenta expresiva e estruturas básicas de creación escénica. Inclúe parte teórica con vídeos e parte práctica en grupo.

🕒 10:00 a 14:00

13 e 14 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

Obradoiros de títeres

Babaluva (Galiza)

Da man da titiriteira Mirari Urruzola as crianzas dos campamentos de verán elaborarán un sinxelo monicreque de papel co que xogar, inventar e compartir historias.

🕒 11:00 a 12:30

12, 13 e 14 de agosto

📍 Campamentos de verán

FORMACIÓN DE PÚBLICOS

Encontros posfunción

Con vistas a dar a coñecer entre o público as peculiaridades da artes dos títeres, o festival desenvolve unha serie de actividades de formación de públicos. Ao remate da función o público poderá conversar co equipo de varias das compañías participantes sobre distintos temas, como a actualización, tamén en clave de xénero, dos contidos e das formas dos espectáculos tradicionais; sobre a vida titiriteira, os procesos de creación e a continua aprendizaxe en cada unha das producións, entre outros temas...

O espectador cómplice

Toni Rumbau (Cataluña)

O director da revista Titeresante, crítico e investigador dos títeres a nivel internacional realizará apuntamentos críticos de todos os espectáculos, elaborará as crónicas para a revista Titeresante e conversará coas compañías participantes que o desexen a comentar puntos fortes e febles de cada espectáculo ou posibles opcións creativas. Ademais, participará dos encontros entre artistas e público a dinamizalos e achegar as súas propias perspectivas e coñecementos sobre o sector.

VOLUNTARIADO

Titiriberia quere ser un proxecto do conxunto da sociedade de Rianxo. Deste xeito, a organización desenvolve colaboracións con entidades como a Asociación Rianxeira de Empresarios, o Grupo de Teatro Airiños, a Escola de Música ou propostas creativas locais como Vai de Roda ou Pedras de Papel, entre outras.

O festival conta cunha rede de voluntariado aberta a todas as persoas interesadas en participar. As persoas voluntarias contribúen na xestión do evento a desenvolver diferentes tarefas.

Os equipos de voluntariado recibirán formación específica sobre a xestión de públicos e a organización de eventos culturais para desenvolver estas tarefas. Ademais recibirán entradas e descontos para participar nas actividades do evento, camisetas e outro material.

As persoas interesadas poden contactar coa organización no correo info@barrigaverde.eu

SUSTENTABILIDADE

Accesibilidade

As funcións contarán con espazos reservados para persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida e aseos nas proximidades. Prégase comunicación previa á organización de necesidades específicas para optimizar a asistencia.

Resíduos e transporte

Habrá colectores selectivos para lixo. Animamos o público á responsabilidade na xeración de residuos e a empregar no posible recipientes reutilizables. Recoméndase ao público o emprego de medios de transporte non contaminantes para acudir aos espectáculos. Pasear por Rianxo é tamén un xeito de desfrutar do festival. Existen aparcadoiros vixiados para bicicletas e outros dispositivos de mobilidade (encadeadas por parte das persoas usuarias).

IDADES

O programa especifica as idades recomendadas, para cada unha das obras que se representan. Algunhas das funcións poden tratar temas de violencia, conflito social, sexualidade e outras cuestións. Fica á discreción das persoas adultas responsables a xestión da asistencia ás mesmas de menores.

PREZO

O acceso ás funcións gratuítas será libre e as localidades ocuparanse por orde de chegada. As entradas para as funcións de pago terán un prezo de 5 euros. Poderán adquirirse de xeito previo á función na mesa con merchandising do Festival. No mesmo día da función poden adquirirse no Auditorio.

ENTRADAS SOCIAIS

As funcións de pago do festival contan cunha serie de entradas sociais que se poden solicitar a Servizos Sociais do Concello.

PUNTO LILA E ARCO DA VELLA

O festival conta cun punto lila e un punto arco da vella para informar de calquera situación de discriminación por xénero, orientación sexual ou calquera outro suposto. Se detectas calquera situación deste tipo dirixete ao persoal da organización.

CARNÉ XOVE

Todas as persoas usuarias do Carné Xove disporán dun desconto do 15% no prezo de todas as entradas.



↓ PROGRAMA

